

# 1 Líder BASKET



## TRIPLE DOBLE

Ensino, Estudiantes e San Ciprián, tres dos catro equipos que militan na Liga Galega cadete, comparten o primeiro posto sendo os únicos da categoría que suman pleno de vitorias nas dúas xornadas disputadas



### UNHA REMONTADA ESPECTACULAR

Estudiantes cadete feminino impúxose a Costa Ártabra nun encontro no que mandaban as visitantes ao descanso, 30-51. A reacción lucense chegou dende a defensa para rematar o partido de forma espectacular



### O RÍA DE RIBADEO EMPEZA AO GRANDE

Os de Sama gañaron o primeiro derbi Provincial a Estudiantes, 82-71. O 21-4 do quinto parcial foi determinante nun partido tan só empañado pola lesión de Zoe nos primeiros minutos

#### LIGA GALEGA INFANTIL MASCULINA



### Estudiantes impúxose a Maristas no derbi da Liga Galega infantil

80-66 para os de Nico Fernández nun partido que chegou con empate a 31 ao descanso. No segundo tempo os celestes mostráronse superiores, sobre todo ao dominar o xogo na pintura

# A ilusionante versión do novo Ensino empeza metendo medo

**O DURÁN MAQUINARIA, NO QUE MIGUEL LÓPEZ TIVO A AUSENCIA DE MATEA,** debutou na Liga Galega júnior feminina cunha ampla vitoria coa que renovan a súa candidatura ao título de Liga

CARMELITAS		ENSINO	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Rego	28	Maite	15
A. Pena	7	Natalia G.	12
Rodríguez	7	Alba	7
Muñerza	6	Natalia M.	6
Diéguez	2	Carmen	2
N. Pena	2	Eva	14
Fernández	6	Elena	6
Maqide	1	Catuxa	1
Khoule	2	Any	2
Tourón	19	Paula	19

O Durán Maquinaria Ensino debutou na Liga Galega júnior feminina, tras aprazar o primeiro ante o Celta de Vigo, un encontro que disputará o próximo 15 de novembro a partir das 21:15 no Anexo.

Ante Carmelitas en Ourense, Miguel López non tivo a todo o equipo ao completo xa que a última incorporación, a macedonia Matea Nikolikj, e Laura foron baixa en leste. Pese a iso, o listón de esixencia

**"PARTIDO MUY COMPLETO POR NUESTRA PARTE EN EL QUE HEMOS HECHO MUCHAS COSAS BIEN PARA LLEVARNOS LA VICTORIA CON ESTE MARCADOR FINAL"** MIGUEL LÓPEZ - Durán Maquinaria Ensino

que puxeron as lucenses ao longo de 39 minutos de xogo foi unha losa que non permitiu respirar en ningún momento ao seu rival.

39 minutos, xa que o primeiro de xogo foi unha das claves do encontro. Miguel López viu que o seu equipo non estaba enchufado e cando se disputaran tan só segundos de xogo solicitou un tempo morto.

A partir de aí o Ensino non deixou de crecer ata o final do encontro. O acerto nos primeiros minutos en ataque con porcentaxes altas, tanto en estático como en rápidas transicións, rompeu o marcador xa no primeiro cuarto cun parcial de 11-24.

No segundo o Ensino

non encaixou ningún punto cunha defensa activa, asinando un segundo parcial de 0-19 co que se chegou ao descanso co encontro completamente visto para sentenza, 11-43.

A segunda parte volveu ser un monólogo lucense con dous parciais a favor de 11-24 e 6-17 co que pecharon o seu primeiro encontro co claro e contundente 28-84 ante Carmelitas en Ourense.

#### Próxima xornada

O Durán Maquinaria Ensino debutará en casa esta tempada ante Rosalía nun duelo que se presenta moito máis complicado, ante un rival que vén de gañarlle a Estudiantes esta xornada.

## 1

#### TEMPO MORTO 1' MINUTO

Miguel López tivo que parar o partido nos primeiros segundos ao non gustarlle a intensidade que via na pista. A partir de aí o Ensino non baixou o listón de esixencia en ningún momento

## 0

#### PUNTOS NO 2' CUARTO

O Ensino non encaixou ningunha canastra no segundo cuarto ante Carmelitas, nunha exhibición defensiva das lucenses

## 19

#### PUNTOS DE PAULA HOYUELOS

que foi a máxima anotadora do encontro. Maite, con 15, Natalia con 12 e Eva con 14 tamén remataron o partido en dóbres díxitos



Maite, co balón, nun partido disputado no Pazo

# Rosalía volveu gañar a partida, pero con máis suspense **+14**

**ESTUDIANTES LEYMA VOLVEU PERDER EN SANTIAGO** nun duelo que xa se produciu na Copa Galicia, no que as compostelás se impuxeron con máis suficiencia

ROSALÍA		ESTUDIANTES	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Seoane	60	Eva	55
Penedo	10	Maria	10
Golpe	10	Sabela	10
López	10	Yashina	10
Hermo	10	Marta	10
Riveiro	10	Silvia	10
Rodríguez	10	Claudia	10
García	10	Cristina	10
Rosende	10	Nuria	10
Rama	10	Laura	10
Liste	10	Carla	10



Fernán Varela dando instrucións ás súas xogadoras durante un tempo morto

**"PARTIDO BIEN COMPETIDO EN UNA PISTA MUY COMPLICADA. VAMOS A SEGUIR TRABAJANDO PARA MEJORAR Y LLEGAR LO MEJOR POSIBLE A FINAL DE TEMPORADA"** FERNÁN VARELA - Estudiantes

No segundo acto empezaron a aparecer os problemas coa carga de faltas persoais, pero as sensacións eran boas ao final da primeira parte.

Ao comezo da segunda, con cinco puntos de vantaxe, Estudiantes tivo problemas para manter a renda ao conceder algunha canastra fácil a un Rosalía que empezou a lucirse desde a liña de persoal con porcentaxes de acerto moi altos.

Aos últimos dez minutos chegouse con máis tres para as celestes, pero Rosalía sorprendeuno cun cambio defensivo ante o que as lucenses

#### EN COPA GALICIA

Fai apenas un mes Estudiantes visitou a Instituto Rosalía en Santiago na Copa Galicia. Nese encontro as compostelás venceron por máis diferenza, pero aínda máis importante, nesta ocasión as lucenses estiveron moito mellor que fai un mes

acusaron a falta de acerto para derrubar a muralla. Ademais, continuou o acerto no tiro libre das locais polo que dificultaba que as lucenses puidesen correr ao contraataque.

Ao final, un parcial de 15-7 deixou a Estudiantes ás portas da vitoria, pero coa sensación de recuperar terreo no último mes respecto de un bo rival como Instituto Rosalía

#### Próxima xornada

Estudiantes repetirá como visitante na terceira xornada, na que se medirá con Basquet Coruña na Liga Galega júnior feminina.

Estudiantes perdeu en Santiago ante Rosalía, pero demostrou que no mes que separou ambos encontros as lucenses progresan polo bo camiño, xa que foron máis competitivas que no partido de Copa Galicia.

O conxunto de Fernán Varela dominou a primeira parte, chegando ao descanso con 30-35 no marcador, pero na segunda

metade sufriu coas faltas persoais, e o acerto de Rosalía desde o tiro libre desnivelou o encontro ao seu favor.

Ata entón Estudiantes, que tivo unha discreta posta en escena cun ritmo de xogo baixo, foi crecendo aos poucos. Correu en ataque co

paso dos minutos e actívouse en defensa ata tomar o mando no marcador no primeiro parcial, e mantivoa ata chegar ao descanso.





Hugo Rey nunha acción de ataque ensinista



Olloqui tras superar a presión dun xogador rival



O cadete Mario subindo unha acción de contraataque

# O Ensino continúa instalado no máis alto

**SEGUNDA VITORIA NOUTROS TANTOS ENCONTROS** para os de Adrián González, que contan con mellor diferenza de puntos

ENSINO		BLANCO AMOR	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
<b>84</b>		<b>56</b>	
Eloy	8	Argal	
Hugo M.	7	Fernández	
Mario	3	Pascual	
Antón		García	
Alberto		López	
Cristian	9	C. Nieto	
Hugo Rey	9	J. Nieto	
Sergio	3	Sas	
Jorge	11	González	
Olloqui	32	Miquez	
Dani		Diequez	
Sebastian	2	Gerpe	

O Durán Maquinaria Ensino segue instalado no

**“EL GRAN TRABAJO SEMANAL SE REFLEJÓ EN EL PARTIDO CON EL COMPROMISO DE UN GRUPO QUE QUIERE IR A MÁS”**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

máis alto da Liga Galega júnior masculina tras dúas vitorias nas que os de Adrián González contan con máis 67 no basketaverage.

Ante Blanco Amor chegou o ansiado debut en casa en Primeira División,

e os lucenses mostráronse moi fráboles nun encontro no que foron de menos a máis.

O ritmo ofensivo e o goteo anotador foi constante ao longo dos corenta minutos, con Olloqui ao mando das operacións ao terminar o encontro con 32 puntos.

O Ensino atopou sempre solucións para anotar con fluidez, mentres que en defensa o equipo foi mellorando co paso dos minutos

**32**

**PUNTOS OLLOQUI** A referencia ofensiva do Durán Maquinaria Ensino neste encontro foi imparáble para a defensa ourensá. Jorge Fernández tamén rematou o encontro en dobre díxitos

ata terminar secando por completo a un Blanco Amor que, na primeira parte, mantívose a flote pola calidade e acerto dos seus

xogadores exteriores.

O primeiro parcial terminou con 21-14 e o segundo con 21-19 para chegar ao descanso con 42-33. Foi no intermedio cando Adrián González deu coa tecla cun par de axustes defensivos que os seus xogadores asimilaron á perfección.

A Blanco Amor empezoulle a custar moito ver aro, e cun ritmo alto de xogo Ensino empezou a despegar no marcador ata

confirmar o primeiro posto cun parcial de 20-6 nos últimos dez minutos.

**20**

**PUNTOS OU MÁIS POR CUARTO**

O Ensino anotou 21-21-22 e 20 puntos en cada parcial do encontro, exhibindo un potencial ofensivo que de ser compatible coa intensidade defensiva dará moitas ledicias esta tempada

# Estudiantes pechouse en defensa ante Bosco Salesianos

**36 PUNTOS ENCAIXADOS NA PRIMEIRA MEDIA HORA DE XOGO** nun encontro no que os celestes gañaron os catro cuartos e súmase ao coliderado da Liga

BOSCO		ESTUDIANTES	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
<b>57</b>		<b>75</b>	
Rey		Mikel	
Álvarez		Anxo	
Vázquez		Alvaro	
Pereira		Dani	
Villar		Cabe	
Brea		Jorge	
Fortes		Diego	
León		Lucas	
Montero		Adrián	
Sánchez		Carlos	
De Cobo		Pedro	
		Borja	

Estudiantes Leyma súmase ao coliderado da Liga Galega júnior masculina tras asinar a súa segunda vitoria noutros tantos encontros, sendo esta a primeira a domicilio tras impoñerse a Bosco Salesianos en Ourense, 57-75.

O encontro estivo marcado polo listón defensivo que imprimiu Estudiantes ante un rival chamado a loi-



Pablo Abuín celebrando cos seus xogadores unha acción do seu equipo no Anexo

tar polos postos de play off. A cancha ourensá é tradicionalmente una das

máis complicadas da competición e a Estudiantes custoulle un pouco coller o

ritmo, pero malia non ter un xogo fluído nos primeiros minutos atopou solucións

**“BUEN TRABAJO DEFENSIVO DEL EQUIPO A LO LARGO DEL ENCUENTRO”**

PABLO ABUÍN - Estudiantes

terminou cedendo ante a superioridade celeste cun último parcial de 20-28.

**Próxima xornada**

Estudiantes afronta un tramo de competición en grao sumo esixente ao recibir na terceira xornada a un claro aspirante ao título de Liga, como é Tui, e na cuarta xornada medirase no derbi con Ensino na primeira fin de semana de novembro.

**2**

**PRÓXIMOS ENCONTROS**

Estudiantes porá a proba a súa solidez defensiva ante dous aspirantes ao título en senllos encontros que disputarán en Lugo, primeiro recibindo a Tui e despois no derbi ante o Ensino

**+31**

**DE BASKETAVERAGE** leva

Estudiantes nos dous encontros disputados nos que se impuxo a Blanco Amor 71-58 e a Bosco Salesianos, 57-75.



Claudia a piques de superar a unha rival ao contraataque



Carla coa pelota na pintura ante o banquiño celeste



Iria Menor a piques de lanza por riba de dúas rivais

# Exhibición de forza e compromiso

**ESTUDIANTES REMONTOU O 30-51 AO DESCANSO** nunha espectacular reacción no terceiro cuarto, no que se impuxeron por 19 puntos cando peor pintaban as cousas no Anexo

Estudiantes asinou unha vitoria no Anexo ante Costa Ártabra das que fan equipo. O conxunto que dirixe Fernán Varela reaccionou a unha máis que discreta primeira parte na que se chegou ao descanso con 30-51, remontando o encontro nos segundos vinte minutos cunha posta en escena tralo descanso simplemente brillante.

O inicio de partido non foi malo, pero a Estudiantes custoulle collerlle o pulso ao encontro ante un rival moi enchufado e acertado que abriu brecha no marcador tras os primeiros minutos. Os problemas creceron á hora de sacar o balón con claridade, propiciado por roubos dun Costa Ártabra que se gustou por momentos na primeira parte e levou o marcador

ESTUDIANTES		C. ÁRTABRA	
82		77	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Lian		Aller	
Iria		Arteaga	
Celia		Rivas	
Candela		Freire	
Enma		Rodríguez	
Maria		Pérez	
Marta F.		Porto	
Claudia		Vázquez	
Lara		López	
Carla		Prieto	
Marta R.		Alvarez	

ata o 30-51 co que se chegou ao descanso.

**“GRAN REACCIÓN EN UNA SITUACIÓN MUY DIFÍCIL DESPUÉS DE UNA MALA PRIMERA PARTE. ENHORABUENA A TODAS”** FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma

No intermedio Fernán Varela conseguiu o que parecía imposible, reactivar ao seu equipo. Estudiantes esqueceuse un pouco do marcador e competiu cada posesión da mellor forma posible. A defensa deu un paso á fronte e secou por com-

pleto a un Costa Ártabra que, por primeira vez, empezou a ter dúbidas e complicacións para vengar.

Ao crecer en defensa as lucenses tamén o fixeron en ataque, polo que nun visto e non visto o marcador xa estaba igualado

para empezar os últimos dez minutos.

A incógnita no último cuarto era si Estudiantes podería manter o ritmo do terceiro parcial ou acusaría o esforzo. As celestes dosificáronse e mantiveron a calma para culminar a remontada nun final de partido moi igualado, pero do que saen coa vitoria e sobre todo cun impresionantes reforzo anímico.

## Punto de partida e de referencia

**O CAFÉS CANDELAS ENSINO** estreou a conta de vitorias nun encontro no que minimizaron erros e deron un paso á fronte respecto á primeira xornada

ENSINO		MARISTAS	
62		56	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Sabela	4	Galán	
Silvia		López	
Eva	17	Núñez	
Carla Paz	6	Alonso	
Lorena		Deus	
Carolina	2	Sanmartín	
Antía		Riño	
Carla Glez.		Leis	
Paula	31	Ruiz	
Lucía	2	Catoira	
		Patino	
		Vázquez	

forma na que se conseguiu son un punto de partida e de referencia para o Ensino. Ante Maristas Coruña, as lucenses saltaron á pista cun ritmo de xogo e intensidade altos, vendo aro con facilidade e controlando o balance defensivo e o rebote, pero Maristas demostrou que non estaba de paso polo Anexo e igualou o primeiro parcial no tramo final, 18-18.

No segundo cuarto Maristas castigou a Ensino no rebote, dispoñendo de segundas e ata terceiras opcións de tiro, mentres que en ataque, os uns para un e penetracións de Paula Hoyuelos déronlle ao Ensino unha mínima renda ao descanso, 30-28.

Na segunda parte o Ensino xogou con máis criterio en ataque, con Eva Pardo inspirada, acertada no tiro, e defendendo ben como bloque para abrir oco no marcador cun parcial de 16-9. Xa nos últimos dez minutos, tras un bo inicio de cuarto, un tempo morto visitante inspirou ás her-

**“PARTIDO QUE REFUERZA EL TRABAJO SEMANAL PERO AÚN SEGUIMOS CON MUCHO MARGEN DE MEJORA”** DAVID MARTÍNEZ - AIGOR ROMO - Ensino Lugo



Paula Hoyuelos, que se foi ata os 31 puntos



A ensinista Lucía coa pelota nunha xogada de ataque

culinas cara á remontada, pero Ensino mantivo a cabeza fría, tivo acerto no

tiro libre e cun tripo de Eva Pardo puxo fin á resistencia de Maristas.

## Ribadeo “gañou” pese a caer pola mínima

**COMO EQUIPO**, os de Sama saíron do encontro reforzados pese ás lesións de Iker e Anxo

RIBADEO		B. CORUÑA	
81		82	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Iker	3	Gil	
Anxo	8	Díaz	
Cristian	31	Fernández	
Dario	3	Dominguez	
Joaquín	3	Lozano	
Dani	2	Martínez	
Manu	27	Villanueva	
Simón	4	Prieto	
Iago		Varela	
		Lovera	

**“ESPECTACULAR EL ESFUERZO REALIZADO POR LOS CHICOS EN UN PARTIDO CON MUCHOS CONTRATIEMPOS FÍSICOS. CON LA ACTITUD MOSTRADA EN ESTE ENCUENTRO VOY AL FIN DEL MUNDO CON ESTE EQUIPO”** SAMA - Ría de Ribadeo

Hai derrotas que reforan aos equipos máis que algunha vitoria, e o Ribadeo viviu en primeira persoa nun partido no que os de Sama, pese a loitar polo triunfo ata o final, a caer por un só punto no debut en casa e a perder por lesión a Iker e Anxo, saen moi reforzados como grupo.

A exhibición de compromiso dos mariñaos empezou moi pronto. Con todos os efectivos dispoñibles Ribadeo tomou o mando no marcador, 12-2 tras unha gran posta en escena. Con todo os contratempos non tardaron en chegar, cando mellor estaban os de Sama chegou a lesión de Iker, que

xa non puido volver participar.

Basquet Coruña aproveitou o baixón local para darlle a volta ao marcador, 21-24 no primeiro cuarto, mentres que no segundo Ribadeo volveu alzar o voo para chegar ao descanso 43-40.

Na segunda parte chegou a lesión de Anxo e Ribadeo, sen dous titulares e dez abaixo no marcador, sacou forzas de onde non había e nun recital de compromiso logrou empatar a 77 ante un rival con moitísimo máis fondo de armario, chegando á recta final con opcións de vitoria, pero a moeda caeu ao lado herculino nesta ocasión.

# 31

### PUNTOS DE PAULA HOYUELOS

Primeiro recital desta tempada nun encontro no que Eva Pardo foi a que lle puxo a puntilla a Maristas cunha tripla no treito final.



# O Ensino manda unha nova declaración de intencións

**TRAS IMPOÑERSE A UN BASKET FERROL** chamado a estar nos primeiros postos da clasificación. Manuel Durán, con 26 puntos, foi a referencia ofensiva

ENSINO		B. FERROL	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Samuel	6	Rouco	
Durán	26	Ferreira	
Ruano	2	Bellas	
Pablo		Gómez	
Martínez	2	Ojea	
Carreira	11	Gil	
Garabito	10	Castro	
Juan Bao	7	Franco	
Álex Bao	2	Valenciano	
Joel	7	Lamas	
Nacho		Romero	



Segundo encontro da Liga Galega cadete masculina e segunda vitoria do Ensino. Os de Adrián González someteron a un Basket Ferrol chamado a estar nos primeiros postos tras unha moi boa primeira parte e sentenciando o encontro con acerto no tiro libre na segunda.

Nos primeiros minutos o Ensino centrouse en asentarse na pista, con intensidade no xogo, pechando o rebote e controlando o

balance defensivo para ir crescendo co paso dos minutos en ataque. O plan saíu á perfección e ao descanso chegouse con 40-25 no marcador.

Os 15 puntos de renda propiciaron unha relaxación excesiva ao comezo da segunda parte, polo que Basket Ferrol recortou distancias e volveuse a meter na loita polo partido con terceiro parcial de 15-24.

Cando peor pintaban

**“UN GRAN TRABAJO COLECTIVO POR PARTE DE TODO EL EQUIPO NOS GUIÓ HASTA LA VICTORIA”**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

as cousas, o partido se endureceu e Ensino non lle perdeu a cara en ningún momento, recuperou a intensidade e soubo xogar as bólas quentes para sentenciar o partido desde o tiro libre.



Iago Carreira a piques de finalizar unha xogada

## San Ciprián afaise ao bo hábito de gañar na Liga Galega

### DOUS DE DOUS

para os de Manolo Cobas tras saír airosos de Culleredo

CULLEREDO		SAN CIPRIÁN	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
García		Antón	17
Seoane		Dani	
Cuadrado		Diego	4
Iglesias		Manu	
Rodríguez		Miguel	
López		Marcos	14
Ferrer		Manuel	
Gayoso		Hugo Cobas	27
Val		Carlos	7
Abeal		Mario	13

**“VAMOS MEJORANDO EN INTENSIDAD, INDIVIDUALMENTE Y COMO COLECTIVO”**

MANOLO COBAS - San Ciprián

O Suministros Carreira San Ciprián segue deixando claro que non está de paso na Liga Galega cadete pese a ser o primeiro ano no que os mariños compiten en Primeira División.

Tan só fixeron falta dúas xornadas para que o baloncesto galego empezou a telos no punto de mira, tras gañar os dous primeiros encontros en senllos partidos a domicilio e con marcadores e finais igualados.

San Ciprián foi de menos a máis en Culleredo, onde nos dous primeiros cuartos os de Manolo Cobas estiveron brandos en defensa, non pecharon ben o rebote e cometeron erros na finalización. Todo iso viuuse reflectido no marcador co 44-37 co que se chegou ao descanso.

A defensa deu un paso á fronte na segunda parte e con iso atacouse mellor. A circulación de balón foi máis fluida e San Ciprián empezou a facerse notar na pintura ao dominar o rebote. Aos poucos foron recortando distancias e cun parcial de 15-24 entraron no último cuarto por diante no marcador.

No desenlace final San Ciprián estivo acertado no tiro exterior e malia ás malas porcentaxes no tiro libre, conseguiron saír airosos de Culleredo coa súa segunda vitoria noutros tantos encontros disputados.

Na próxima xornada os de Manolo Cobas farán o debut oficial na casa en Liga Galega cadete recibindo a Basket Ferrol.

# Estudiantes gústase e toma o mando da Liga Galega cadete

**ESPECTACULAR DEFENSA NA SEGUNDA PARTE**, na que Costa Ártabra tan só puido anotar tres puntos no terceiro cuarto e sete no último para un parcial de 39-10

ESTUDIANTES		C. ÁRTABRA	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Andrés	4	J. Fuente	
Mikel	13	P. Fuente	
Alvaro	17	López	
Dani		Altamira	
Oscar	10	Coure	
Lucas	4	Pulpeiro	
Cristian	2	Lage	
Rafa	6	Carro	
Simón	5	Fernández	
Brais	11		

**“TENEMOS QUE SEGUIR MEJORANDO, PERO VAMOS EN UNA BUENA LÍNEA DE TRABAJO PARA CONSEGUIRLO”** JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

porcentaxes de acerto fosen baixas por parte de ambos equipos.

Estudiantes foi abrindo brecha no marcador aos poucos cun segundo parcial de 14-10 para chegar ao descanso con 33-24 no electrónico.

Na segunda parte a

defensa celeste monopolizou o partido e secou completamente a un Costa Ártabra que tan só puido anotar tres puntos no terceiro cuarto e sete no segundo.

Ao final, vitoria clara e primeiro posto para Estudiantes na Liga Galega cadete.



Brais trata de superar a presión nun contraataque



Simón a piques de entrar na pintura no Anexo

Estudiantes asaltou na segunda xornada o primeiro posto dunha Liga Galega cadete na que os tres equipos con pleno de vitorias son lucenses. Os de Javi Peinó están no máis alto por diferenza de puntos tras impoñerse con moita autoridade a Costa Ártabra no Anexo, 72-33.

Pese ao 19-11 do primeiro cuarto, o xogo foi moi trabado, con moitos contactos e con moita permisibilidade en defensa por parte dos colexiados, de aí a que as



O base celeste Dani nunha xogada de ataque

# Estudiantes manda dende a pintura

**OS CELESTES DOMINARON O REBOTE, ESPECIALMENTE O OFENSIVO,** ante un Maristas Lugo que foi de máis a menos nun derbi capitalino que chegou con empate a 31 ao descanso



Alexis, Maristas, avanza coa pelota seguido de Leo



O celeste Santi busca un bo pase defendido por Yishak



Néstor trata de frear a Rozas nun contraataque

**“SIEMPRE GUSTA GANAR ESTE TIPO DE PARTIDOS, ESPERO QUE NOS DÉ CONFIANZA PARA SEGUIR TRABAJANDO”** NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes Leyma

**“NECESITAMOS SER BASTANTE MEJORES QUE NUESTROS RIVALES PARA COMPENSAR LA DESVENTAJA DE ALTURA”** RUBÉN ENGROBA - Maristas Lugo

ESTUDIANTES		MARISTAS	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Brais	16	Mauro	6
Santi	16	Néstor	6
Mateo	2	Miguel	7
Pi	2	David	6
Dani	2	Samuel V.	13
Pablo	2	Gabriel R.	4
Leo	11	Alexis	8
Bernal	4	Jorge	7
Rozas	4	Julían	17
Serguei	27	Gabriel F.	4
Mario		Yishak	4

# 27

**PUNTOS SERGUEI** que cos 30 anotados na primeira xornada confirma que é posiblemente o xogador máis dominante na Liga Galega infantil esta tempada

para anotar con fluidez. Con todo, no segundo parcial os de Rubén Engroba tiveron máis problemas e fallaron canastras fáciles coas que puideron irse por diante ao descanso ante un Estudiantes que se palpaba no ambiente que iría a máis na segunda parte.

As previsións cumpríronse. Nico Fernández mellorou ao seu equipo no descanso e Estudiantes deu un paso á fronte en defensa e despegou no marcador cun terceiro parcial de 26-16. Maristas, que fallou 10 tiros libres, chegou con algunha opción grazas aos tripos de Samuel Viño, pero Serguei foi o nome propio deste derbi e Estudiantes alzouse cunha merecida vitoria.



Samuel a piques de finalizar unha bandexa ante Serguei



Mateo coa pelota defendido polo colexial Samuel



Miguel baixo o aro ante a presión de Rozas e Mario

## Vitoria celeste de moito mérito

**ESTUDIANTES, CON 5 AUSENCIAS E CARGA DE FALTAS,** soubo sobrepoñerse aos momentos máis complicados para impoñerse a Arxil no treito final

ESTUDIANTES		ARXIL	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Laura	78	Paz	59
Maria A.		Cal	
Ana		Acuña	
Maria C.		Couto	
Pau		Fernández	
Aroa		Veiga	
Paula		Hermida	
Ari		Durán	
		Martínez	

cidian con algunha lagoa defensiva, o que propiciou que Arxil tomase o mando no marcador cun parcial inicial de 11-19.

Os contratempos non se quedaron aí, xa que co paso dos minutos a carga de faltas persoais mermou aínda máis ao equipo ante a falta de rotacións, pero Estudiantes levantou o voo cando peor pintaban as cousas e cun segundo parcial de 30-11 chegou por diante ao descanso.

No terceiro cuarto Rio-bóo dosificou ás súas xogadoras, mantendo a renda no marcador e tendo a todas dispoñibles para o último cuarto no que conseguiron manter un ritmo alto de xogo para alzarse coa vitoria tras un último parcial de 23-16.

Estudiantes sumou unha vitoria de moito mérito, a segunda na Liga Galega infantil feminina, tras impoñerse a Arxil nun partido no que Ángel Rio-bóo tan só puido contar con oito xogadoras. Dous perdéronse o encontro por lesión e tres ao coincidir este encontro co preinfantil.

A todo iso uniuse a falta de acerto en ataque nos primeiros minutos que co-

**“SUPIMOS SUFRIR COMO EQUIPO EN LOS MOMENTOS COMPLICADOS DEL ENCUENTRO”**

ÁNGEL RIOBÓO - Estudiantes Leyma



Laura Martin nunha acción de ataque celeste



Ari a piques de finalizar unha entrada a canastra

## O Academia A Mariña Burela estreou a conta

**A PRIMEIRA VITORIA EN GALEGA** fraguada dende unha gran defensa en Pontevedra

PONTEVEDRA		BURELA	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Rodríguez	22	Henar	4
Casado		Sara	10
Lendoiro		Zaida	4
Alvarez		Candela	2
Monteagu		Laura	12
Raposeira		Lucía	9
Vila		Cecilia	9
Portela		Sabela	10
Alfonsín		Paula	6
Cadelaria			
Boquete			

**“VICTORIA CONSTRUIDA DESDE LA DEFENSA, AUNQUE CON DEMASIADOS ERRORES EN ATAQUE. CONTENTAS POR EL PRIMER TRIUNFO”**

NACHO MOTA - Burela

cial de 4-15 que ampliaron no segundo. 6-12 ata chegar ao descanso con 10-27.

Ao comezo da segunda metade Burela relaxouse en exceso e Pontevedra disputou os seus mellores minutos no terceiro parcial, 11-13. A partir de aí as mariñas puxéronse o mono de traballo de novo en defensa e cun último parcial de 1-13 sentenciaron o encontro sen estar do todo acertadas en ataque, algo que ante rivais de máis entidade pode pasar factura.

Burela estreou a conta de vitorias na Liga Galega infantil feminina tras impoñerse en Pontevedra con moita suficiencia, nun triunfo baseado na defensa a toda pista das mariñas coa que deixaron ás locais en tan só 22 puntos.

Desde os primeiros minutos as de Nacho Mota tomaron o mando do encontro e do marcador cun parcial ini-



# O Celtas de Foz irrumpiu na Liga Galega sen chamar a porta

**O GASOLEOS EUGENIA, DIRIXIDO POR ARMANDO OTERO,** entregou a súa tarxeta de presentación nunha Primeira División, na que debutan, impoñéndose en Culleredo cun xogo eléctrico

CULLEREDO		C. DE FOZ	
52		91	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
López		Nacho	
García		Álvaro	27
Quintela		Alonso	
Oxinalde		Christian	
Martínez		Nico	25
Martínez		Dario	11
Noceda		Lucas	12
Iglesias		Esteban	
Roldán		Javi	14
Hernández			
Camino			

O Celtas de Foz xa é unha realidade na Liga Galega infantil masculina. Armando Otero toma as rendas dunha das xeracións douradas do baloncesto mariño e lucense que vén avisando do seu potencial as últimas tempadas. Especialmente na pasada, na que o groso do equipo proclamouse na Estrada Campión Galego alevín.

Lonxe de cohibirse ao debutar nunha competición superior e a domicilio.

**“NUESTRA DEFENSA Y EL CONTRAATAQUE CONDICIONARON EL PARTIDO DESDE LOS PRIMEROS MINUTOS”** ARMANDO OTERO - Celtas Gasoleos Eugenia

**27**

**PUNTOS DE ÁLVARO** o base mariño promete ser esta tempada un dos grandes atractivos na Liga Galega preinfantil. Debutou dirixindo ao equipo e con 27 puntos, dous máis que Nico como principais referencias ofensivas

no terceiro cuarto.

Nos últimos dez minutos, con todo decidido, o ritmo foi máis baixo pero víronse accións de mérito en ataque posicional por parte dun Celtas de Foz que, tras debutar a domicilio con vitoria, farao en casa a próxima xornada recibindo a Tirso de Molina, que vén de impoñerse a Costa Ártabra na primeira xornada, 82-53.



O mariño Álvaro Ben foi o máximo anotador do Celtas no seu debut en Liga Galega

## Debut moi ilusionante en Ferrol

**ESTUDIANTES IMPÚXOSE** con moita claridade na saída de balón ao contraataque e cunha defensa sen fisuras

BAXI FERROL		ESTUDIANTES	
36		49	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Ferreira		Carlota	
Abad		Nerea	
Díaz		Lucía	
Somostro		Marina	
Padín		Eva	
Silvet		Valle	
López		Loía	
Lata		Daniela	
García		Alma	
Fernández		Iria	

Estudiantes protagonizou un ilusionante inicio de tempada na Liga Galega preinfantil feminino tras debutar da man de Zaida Iglesias cunha merecida vitoria ante Baxi Ferrol.

As lucenses loitaron por cada balón durante os corenta minutos de xogo e tomaron o mando no marcador desde o primeiro cuarto, que terminou con 10-13.

No segundo a defensa celeste secou por momentos ás ferrolás, deixando ás locais en tan só 9 puntos nos segundos dez minutos de xogo, mentres que en ataque as xogadoras de Estudiantes sentíronse

**“CONTENTA CON EL ESFUERZO Y EL TRABAJO DE TODAS MIS JUGADORAS A LO LARGO DEL ENCUENTRO”** ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes Leyma



A celeste Daniela nun encontro xogado no Anexo

**4**

**CUATRO CON VITORIA** Estudiantes foi moi regular ao longo do partido e impúxose nos catro parciais, 10-13, 9-13, 9-11 e 8-12.

definitivo 36-49 co que Estudiantes debutu esta tempada na Liga Galega preinfantil.

## Manual defensivo estudiantil

**SEIS PUNTOS ENCAIXOU ESTUDIANTES** en toda a segunda parte. Ao descanso chegouse con 25-23 no marcador

M. CORUÑA		ESTUDIANTES	
31		57	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Rodríguez		Eloy	2
Pardal		Bosco	1
Maceiras		Pablo	2
Dominiquez		Diego	3
Bra		Martin	10
Bescano		Lucas	1
Becerra		Manuel G	2
Acebal		Iverson	
Alonso		Manuel V.	2
Anido		Samuel	14
		Uxio	20

Estudiantes Leyma debutou na Liga Galega preinfantil masculina dando un manual defensivo na segunda parte do encontro que lle mediou na Coruña con Maristas.

O conxunto dirixido esta tempada por Pablo Rodríguez foi claramente de menos a máis, asinando unha segunda metade na que secaron ao seu rival ofensivamente ata o punto de encaixar tan só dous puntos no terceiro cuarto e catro no último.

Seis puntos en toda a segunda parte que aínda teñen máis mérito si se teñen en conta que ao descanso Estudiantes chegou

**“ES TODO CUESTIÓN DE ACTITUD”**

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes Leyma



Bosco correndo unha acción nun encontro na casa

por debaixo no marcador, 25-23.

A posta escena estivo marcada polas dúbidas en defensa e a falta de confianza e acerto en ataque por parte de Estudiantes, que se viu por debaixo no marcador tralos primeiros dous parciais, 15-11 e 10-12.

No descanso Pablo Rodríguez conseguiu que o seu equipo cambiase o rumbo do encontro. Estu-

diantes xogou máis ordenado tanto en defensa como en ataque e Maristas veuse abaixo trala lesión do seu base, que estaba sendo o xogador máis determinante dos locais.

O ritmo de cruceiro foi unha constante na segunda parte con dous parciais de 2-19 e 4-15 cos que Estudiantes se impuxo con autoridade na Coruña.

# Os picos de bo xogo de Maristas marcaron a diferenza

**A DEFENSA** no terceiro periodo foi unha das claves en Ferrol

B. FERROL		MARISTAS	
51		94	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Taboada		Juan A.	
Niebla		David	
López		Juan G.	
Niebla		Nadia	
Lata		María C.	
Loureiro		Jorge	
Somor		Carlos	
Pita		Néstor	
Barcia		Guille	
Lata		Mesfín	
		Teo	

**"BUEN PARTIDO PARA EMPEZAR, AUNQUE ALGO IRREGULARES EN NUESTRO JUEGO"**

ÓSCAR ENGROBA - Maristas

Maristas pegou un golpe sobre a mesa na primeira xornada da Liga Galega alevín. Os de Óscar Engroba impuxéronse a Basket Ferrol a domicilio, sendo este un equipo que se proclamou subcamión galego premini e que conta cun dos xogadores máis determinantes da competición, Diego Niebla, sempre co permiso do lucense Néstor.

Niebla acapara todo o baloncesto ofensivo ferrolán, anotando 13 dos 15 puntos do seu equipo no primeiro parcial. No segundo foise ao banquillo e Maristas impúxose 4-15. No terceiro volveu á pista, pero Maristas secou ao xogador ferrolán e con iso despegou no marcador cun parcial de 8-20 que levou a diferenza ata os 20 puntos ao descanso.

A partir de aí Maristas xogou co marcador e alzouse coa primeira vitoria da tempada.



Néstor co balón no Anexo



Os xogadores e xogadoras de ambos conxuntos posaron xuntos despois do primeiro derbi disputado es tempada na Liga Galega de Minibasket

# O Ría de Ribadeo alzouse no primeiro derbi do curso

**OS DE SAMA ADICÁRONLLE A VITORIA ANTE ESTUDIANTES A ZOE,** que se lesionou ao inicio dun gran encontro decidido no quinto parcial

CB RIBADEO		ESTUDIANTES	
82		71	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Héctor		Rubén	
Nazaret		Pablo	
Ero		Javi M.	
Iván		Javi C.	
Martín		Narón	
Zoe		Nico	
Alejandro		Andrés	
Alexandre		Hugo	
Juan		Jacobo	
Hugo		Lucas	

O Ría de Ribadeo impuxo a Estudiantes nun derbi espectacular co que ambos equipos correron o telón da Liga Galega alevín de minibasket.

Durante moitas fases do encontro o derbi parecía que se xogaba a outras alturas da tempada, pola gran intensidade e acerto que se vía sobre a pista.

O primeiro tempo para Ribadeo chegou moi pronto, coa lesión de Zoe, que xa non puido participar máis. Estudiantes xogou un bo baloncesto na primeira parte, na que levou o peso do partido e do marcador ao impoñerse nos tres primeiros parciais, 4-11, 16-17 e 7-10 para chegar ao descanso con 29-32.

Ribadeo soubo sufrir nos seus peores minutos e mostrouse máis regular ao longo do encontro. No cuarto parcial os de Sama impuxéronse 19-16 e chegouse aos dous últimos cuartos con empate no marcador, 49-49.

A igualdade terminouse no quinto parcial no que a boa defensa de Ribadeo propiciou perdas de balón nun Estudiantes con problemas para circular e saír da presión, o que levou a Ribadeo a roubar e anotar en rápidas transicións para coller unha vantaxe que foi determinante.

**"GRAN INICIO DE TEMPADA CON UN ESFUERZO ENORME Y CREYENDO EN EL PARTIDO HASTA EL FINAL. ÁNIMO A ZOE, QUE SE LESIONÓ AL PRINCIPIO DEL PARTIDO Y NO PUDO CONTINUAR"**

SAMA - CB Ría de Ribadeo

**"TENEMOS QUE MEJORAR NUESTRA CAPACIDAD DE ATENCIÓN Y CONCENTRACIÓN"**

JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

O quinto parcial pechouse con 21-4 e no último, malia que Estudiantes buscou a heroica, os mariñaos souberon pechar o encontro cun 13-13 final no sexto e último parcial co que o marcador se pechou no definitivo 82-71.

**+17**

**QUINTO PARCIAL**

Nun derbi no que apenas había diferenzas para un e outro equipo que superaran os cinco puntos da vantaxe, o quinto parcial foi determinante co 21-4 que asinaron os mariñaos ao seu favor

**CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS**

JUNIOR 1º DIV. FEMININO						
RESULTADOS						
C. María - B. Coruña	67-63					
Peleteiro - Bosco	60-39					
C. Mariano - Cortegada	64-45					
Celta - C. Artabra	86-33					
Carmelitas - Durán Ensino	28-84					
Rosalía - Estudiantes	60-55					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
COLEXIO MARIANO	2	2	0	0	140	88
PELETEIRO	2	2	0	0	114	71
I. ROSALÍA	2	2	0	0	137	102
ESTUDIANTES	2	1	1	0	101	97
BOSCO	2	1	1	0	103	99
CÍA DE MARÍA	2	1	1	0	106	127
ENSINO	1	1	0	0	84	28
CELTA ZORKA	1	1	0	0	86	33
BASQUET CORUÑA	2	0	2	0	110	144
CORTEGADA	2	0	2	0	77	118
CARMELOTAS	2	0	2	0	65	130
COSTA ARTABRA	2	0	2	0	76	162
PRÓXIMA XORNADA						
B. Coruña - Estudiantes	Durán Ensino - Rosalía	C. Artabra - Carmelitas	Cortegada - Celta	Bosco - C. Mariano	C. María - Peleteiro	

JUNIOR 1º DIV. MASCULINO						
RESULTADOS						
B. Ferrol - Culleredo	58-69					
Obradoiro - CB Allariz	78-61					
C. Ourense - Rosalía	73-84					
Bosco - Estudiantes	57-75					
CB Tui - Sigaltec	85-76					
Durán Ensino - B. Amor	84-56					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
DURÁN ENSINO	2	2	0	0	273	106
ESTUDIANTES	2	2	0	0	146	115
OBRAIDROIRO	2	2	0	0	141	112
C.B. TUI MASCATO	2	2	0	0	163	139
CB ALLARIZ	2	1	1	0	134	120
ROSALÍA CASTRO	2	1	1	0	135	136
BOSCO	2	1	1	0	135	137
KFC CULLEREDO	2	1	1	0	119	147
CLUB OURENSE	2	0	2	0	131	155
SIGALTEC	2	0	2	0	138	163
BASKET FERROL	2	0	2	0	100	142
EDO BLANCO AMOR	2	0	2	0	119	162
PRÓXIMA XORNADA						
Culleredo - Blanco Amor	Sigaltec - Durán Ensino	Estudiantes - CB Tui	Rosalía - Bosco	CB Allariz - C. Ourense	B. Ferrol - Obradoiro	

CADETE 1º FEMININO NORTE						
RESULTADOS						
Candelas Ensino - Maristas	62-56					
Culleredo - Peleteiro	60-66					
Estudiantes - C. Artabra	82-77					
Rosalía - Giraldo	53-62					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	2	2	0	0	137	106
ESTUDIANTES	2	2	0	0	150	134
KFC CULLEREDO	2	1	1	0	132	118
GIRALDO CBV	2	1	1	0	119	121
CANDELAS ENSINO	2	1	1	0	108	127
MARISTAS CORUÑA	2	1	1	0	113	107
INSTITUTO ROSALÍA	2	0	2	0	98	119
COSTA ARTABRA	2	0	2	0	129	154
PRÓXIMA XORNADA						
Maristas - Giraldo	C. Artabra - Rosalía	Peleteiro - Estudiantes	Candelas Ensino - Culleredo			

CADETE 1º MASCULINO NORTE						
RESULTADOS						
Ría Ribadeo - B. Coruña	81-82					
Ensino Lugo - B. Ferrol	73-66					
Estudiantes - C. Artabra	72-31					
Culleredo - San Ciprián	80-83					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	2	2	0	0	167	116
ENSINO LUGO	2	2	0	0	148	124
SAN CIPRIÁN	2	2	0	0	140	132
BASKET FERROL	2	1	1	0	148	134
BASQUET CORUÑA	2	1	1	0	167	176
KFC CULLEREDO	2	0	2	0	138	158
CB RÍA DE RIBADEO	2	0	2	0	142	164
COSTA ARTABRA	2	0	2	0	83	129
PRÓXIMA XORNADA						
B. Coruña - C. Artabra	Culleredo - Estudiantes	Ría Ribadeo - Ensino Lugo	San Ciprián - B. Ferrol			

INFANTIL 1º FEMININO NORTE						
RESULTADOS						
Junquera - Peleteiro	58-27					
C. Artabra - Rosalía	47-70					
Estudiantes - CB Arxil	78-59					
Inmoponte - Burela	22-53					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
INSTITUTO ROSALÍA	2	2	0	0	138	96
ESTUDIANTES	2	2	0	0	138	115
BURELA INF FEM.	2	1	1	0	109	82
GRUPO JUNQUERA	2	1	1	0	107	95
COSTA ARTABRA	2	1	1	0	130	124
PELETEIRO	2	1	1	0	96	77
C.B. ARXIL	2	0	2	0	113	161
CAB INMOPONTE	2	0	2	0	41	122
PRÓXIMA XORNADA						
Peleteiro - Burela	CB Arxil - Inmoponte	Rosalía - Estudiantes	Junquera - C. Artabra			



# Unha liga formada integramente por equipos da Provincia de Lugo

A **COMPETICIÓN INFANTIL MASCULINA** contará con dez conxuntos que loitarán por tres plazas para disputar a segunda fase, na que se medirán a equipos da comarca de Ferrol

A Liga infantil masculina de Segunda División deu comezo esta fin de semana coa disputa dos cinco partidos programados para a data.

Dez equipos da Provincia loitarán polas tres primeiras prazas que dan billete á segunda fase, na que se enfrontarán aos tres mellores equipos da liga de Ferrol. En total, 18 xornadas nun sistema a dobre volta con Sagrado Corazón, Ria de Ribadeo, CB Viveiro, IF Podoloxía CB Sarria, MGR CB Sarria, CB Burela, Franciscanos, Ensino Galén, Cidade de Lugo e Estudiantes como aspirantes.

A xornada inaugural deixou claras as intencións de Franciscanos, primeiro líder da categoría tras impoñerse a Ensino Galén por un contundente 60-10, pechando o marcador antes do descanso. A superioridade física e a intensidade foron clave na vitoria dos colexiais, que a próxima xornada se medirán a CB Burela. O duelo prevede de altos voos, xa que os mariñoas tampouco especularon no seu triunfo ante MGR Sarria por 21-71.

No encontro máis igualado da xornada CB Ribadeo impúxose no Anexo a Sagrado Corazón por 38-52. IF Podoloxía CB Sarria superou a CB Viveiro a domicilio por 21-65, mentres que Cidade levou o derbi capitalino ante Estudiantes por

## INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

**RESULTADOS**

Sagrado - Ria Ribadeo	38-52
CB Viveiro - IF Sarria	21-65
MGR Sarria - Burela	21-71
Franciscanos - E. Galén	60-10
Cidade - Estudiantes	52-20

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
FRANCISCANOS	1	1	0	0	60	10
BURELA	1	1	0	0	71	21
IF CB. SARRIA	1	1	0	0	65	21
CIDADE DE LUGO	1	1	0	0	52	20
CB RIA RIBADEO	1	1	0	0	52	38
SAGRADO	1	0	1	0	38	52
ESTUDIANTES	1	0	1	0	20	52
CB VIVEIRO	1	0	1	0	21	65
MGR C.B. SARRIA	1	0	1	0	21	71
ENSINO GALÉN	1	0	1	0	10	60

**PRÓXIMA XORNADA**

Estudiantes - Sagrado
Ensino Galén - Cidade Lugo
Burela - Franciscanos
IF Sarria - MGR Sarria
Ria Ribadeo - CB Viveiro

52-20. A próxima xornada os celestes buscarán a primeira vitoria na categoría, ao igual que Sagrado, Viveiro, MGR e Ensino Galén.

## 10

**EQUIPOS** loitarán por unha das tres primeiras plazas que clasifican á segunda fase, na que os conxuntos lucenses se enfrontarán cos mellores de Ferrol

## 18

**XORNADAS** Dez equipos lucenses xogarán unha liga a dobre volta que está prevista para finalizar a primeira fin de semana de marzo



Juan Ribadeo, finalizando unha entrada ante Samuel



Álex lanza a canastra baixo a mirada de Carlos



O banquillo ribadense recibe as instrucións de Jose



Lucas coa pelota entre Carlos e Yishak, do Sagrado



Carlos, Pau, Néstor e Jorge diante de Rubén Engroba



Samuel trata de superar a presión do mariño Álex

## CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

### PRE-INFANTIL FEM. NORTE

**RESULTADOS**

Esclavas - B. Coruña	---
Los Rosales - C. Artabra	23-73
Baxi Ferrol - Estudiantes	36-49

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
COSTA ARTABRA	1	1	0	0	73	23
ESTUDIANTES	1	1	0	0	49	36
BAXI FERROL	1	0	1	0	36	49
LOS ROSALES	1	0	1	0	23	73
ESCLAVAS	0	0	0	0	0	0
BASQUET CORUÑA	0	0	0	0	0	0
BURELA	0	0	0	0	0	0

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Los Rosales  
Estudiantes - Esclavas  
Burela - Baxi Ferrol

### PRE-INFANTIL MASC. NORTE

**RESULTADOS**

Culleredo - Celtas Foz	52-91
T. Molina - C. Artabra	82-53
Maristas C. - Estudiantes	62-60
B. Coruña - B. Ferrol	31-57

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTAS FOZ	1	1	0	0	91	52
TIRSO DE MOLINA	1	1	0	0	82	53
ESTUDIANTES	1	1	0	0	57	31
BASQUET CORUÑA	1	1	0	0	62	60
BASKET FERROL	1	0	1	0	60	62
MARISTAS CORUÑA	1	0	1	0	31	57
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	53	82
KFC CULLEREDO	1	0	1	0	52	91

### PRÓXIMA XORNADA

Ariñal - Maristas Coruña  
Celtas Foz - Tirso de Molina  
Estudiantes - Culleredo  
C. Artabra - B. Coruña

### MINIBASKET 1ª FEM. NORTE A

**RESULTADOS**

Pontumio - Estudiantes	Apr.
Baxi Ferrol - C. Artabra	48-95

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
COSTA ARTABRA	1	1	0	0	95	48
BAXI FERROL	1	0	1	0	48	95
PONTUMIO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0

### PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - Pontumio  
Estudiantes - Baxi Ferrol

### MINIBASKET 1ª MASC. NORTE A

**RESULTADOS**

Ribadeo - Estudiantes	69-64
Narón - C. Artabra	82-71
B. Ferrol - Maristas Lugo	51-94

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	1	1	0	0	94	51
CB RIA DE RIBADEO	1	1	0	0	82	71
NARÓN	1	1	0	0	69	64
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	64	69
ESTUDIANTES	1	0	1	0	71	82
BASKET FERROL	1	0	1	0	51	94

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - B. Ferrol  
Maristas Lugo - Narón  
C. Artabra - Ribadeo

### INFANTIL 1ª MASCULINO NORTE

**RESULTADOS**

B. Coruña - Montrove	64-74
Culleredo - Betanzos	---
Estudiantes - Maristas Lugo	80-66
Narón - Obradoiro	58-67

### CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	2	2	0	0	160	128
OBRAIDOIRO CAB	2	2	0	0	131	100
NARÓN	2	1	1	0	150	109
MARISTAS LUGO	2	1	1	0	140	134
MONTROVE	2	1	1	0	136	144
BASQUET CORUÑA I	2	0	2	0	106	166
KFC CULLEREDO	1	0	1	0	54	74
BETANZOS	1	0	1	0	42	64

### PRÓXIMA XORNADA

Montrove - Maristas Lugo  
Betanzos - Estudiantes  
Narón - Culleredo  
B. Coruña - Obradoiro

## 1

**ENCANTO APRAZADO**  
Na competición Minibasket feminina, o partido que media a Estudiantes contra Pontumio en Pontedeume xogarase o vindeiro 15 de Novembro

## 2

**DERBIS PROVINCIAIS**  
O Ribadeo - Estudiantes de Minibasket masculino rematou con triunfo dos mariñoas por 69-64. Na competición infantil masculina, Estudiantes levouse a vitoria contra Maristas por 80-66

# Catro equipos lucenses debutaron na competición con triunfo

**LOURENZÁ, PRIMEIRO LÍDER** tras gañar a Ensino Galén nunha xornada na que tamén venceron Estudiantes, Franciscanos e Ensino Lugo

**CADETE 2ª DIV. FEMININO**

**RESULTADOS**

Ensino Galén - Lourenzá	28-59
Estudiantes - Burela	63-54
Pontumio - CB Viveiro	56-47
T. Molina - Franciscanos	39-46
Ensino Lugo - BBCA	72-42

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
<b>LOURENZÁ</b>	1	1	0	0	59	28
<b>ENSINO LUGO</b>	1	1	0	0	72	42
<b>ESTUDIANTES</b>	1	1	0	0	63	54
PONTUMIO	1	1	0	0	56	47
<b>FRANCISCANOS</b>	1	1	0	0	46	39
TIRSO DE MOLINA	1	0	1	0	39	46
<b>BURELA</b>	1	0	1	0	54	63
<b>CB VIVEIRO</b>	1	0	1	0	47	56
KFC BBCA	1	0	1	0	42	72
<b>ENSINO GALÉN</b>	1	0	1	0	28	59
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0

**PRÓXIMA XORNADA**

Baxi Ferrol - Ensino Galén  
Franciscanos - Ensino Lugo  
CB Viveiro - Tirso Molina  
Burela - Pontumio  
Lourenzá - Estudiantes

Primeira xornada na Liga cadete feminina de

Segunda División, na que sete equipos da provincia de Lugo competirán á súa vez con catro de Ferrol. Os once conxuntos xogarán unha liga a dobre volta na que os dous primeiros pasarán directamente á fase de ascenso, na que loitarán por unha praza na Primeira División de cara á proxima temporada.

Os representantes da provincia son Estudiantes, CB Burela, CB Viveiro, Franciscanos, dous conxuntos do Club Baloncesto Ensino e Lourenzá. Este último é o primeiro lider da categoría trala disputa da primeira xornada esta fin de semana. As laurentinas impuxéronse a Ensino Galén no Anexo por un 28-59.

Franciscanos e Ensino Lugo medíronse a equipos de Ferrol con senllas vitorias, 39-46 para as colexiais contra Tirso de Molina e 72-42 de Ensino Lugo ante KFC BBCA. O filial de Estudiantes impuxose a Aca-

demia A Mariña Burela por 53-54 no encontro máis igualado da xornada. CB Viveiro caeu derrotado ante Pontumio, 56-47, e buscará o primeiro triunfo na competición a vindeira xornada na casa ante Tirso de Molina.



Sofía a piques de lanzar entre Julia, Carolina e Leyre



Rebeca, Lourenzá, trata de entrar na pintura ante Paula



A ensinista Carolina Quiroga defendendo a Adriana



A burelá Lucía coa pelota seguida pola celeste Lucía

# O aprazamento dun encontro reduciu a dous os partidos da xornada inaugural



Rocio Varela dando instrucións a Miguel López



Luis, Celtas Foz, na pintura ante Alfonso e Jorge

**OS DOUS EQUIPOS DE ENSINO** sumaron candasúa vitoria e lideran a clasificación dunha liga que se xogará a dobre volta en 14 xornadas

Sete equipos da provincia competirán no Grupo 2 da 2ª División cadete masculina. Tras 14 xornadas de liga regular, os tres primeiros clasificados disputarán a segunda fase cos tres primeiros do Grupo 1.

formado por equipos de Ferrol. Unha competición que se xogará con sistema olimpico para loitar por dúas prazas para a fase de ascenso a final de temporada.

Na primeira xornada



Gaizka tras superar na presión ao ensinista Alex López

da competición para os equipos lucenses, o aprazamento do derbi entre conxuntos celestes -que se xogará o próximo 4 de novembro- reduciu a dous os encontros da fin de semana. Ensino 05 e CB Celtas levantaron o telón no Anexo o sábado, nun encontro no que os locais se impuxeron por 69-50. No encontro disputado o domingo entre Ensino 04 e Oral Design os capitalinos leváronse a vitoria grazas, sobre todo, ao último cuarto, ao que chegaron mellor fisicamente que o conxunto adestrado por Adrián López.

A vindeira fin de semana debutarán na competición Sagrado Corazón, que se

**CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02**

**RESULTADOS**

Ensino 04 - Design Sarria	74-64
Est. 04 - Est. 05	Apr.
Ensino 05 - Celtas Foz	69-50

**CLASIFICACIÓNS**

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
<b>ENSINO LUGO 05</b>	1	1	0	0	69	50
<b>ENSINO LUGO 04</b>	1	1	0	0	74	64
<b>DESIGN C.B. SARRIA</b>	1	0	1	0	64	74
<b>CB CELTAS FOZ</b>	1	0	1	0	50	69
ESTUDIANTES 04	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES 05	0	0	0	0	0	0
SAGRADO	0	0	0	0	0	0

**PRÓXIMA XORNADA**

Celtas Foz - Ensino 04  
Sagrado - Ensino 05  
Design Sarria - Estudiantes 04

medirá a Ensino 05, e Estudiantes 04, que viaxará ao Novo Chanto para xogar contra Oral Design.



# Ensino Lugo logra o primeiro triunfo

**AS LUCENSES IMPUXÉRONSE** a Terra Chá no duelo provincial da xornada. CB Sarria caeu no Novo Chanto ante Baxi Ferrol

**JÚNIOR 2ª DIV. FEMININO A2**  
**RESULTADOS**

Ensino Lugo - Terra Chá	64-32
CB Sarria - Baxi Ferrol	40-95
Ría Ribadeo - Estudiantes	Apr.

**CLASIFICACIONES**

Equipo	X	G	P	NP	PF	PL
BAXI FERROL	2	2	0	0	153	92
ENSINO LUGO	2	1	1	0	116	90
CB RÍA DE RIBADEO	1	1	0	0	77	24
ESTUDIANTES	1	1	0	0	78	47
CB TERRA CHA	2	0	2	0	56	141
C.B. SARRIA	2	0	2	0	87	173

**PRÓXIMA XORNADA**

CB Terra Chá - Estudiantes  
Baxi Ferrol - Ría Ribadeo  
Ensino Lugo - CB Sarria

Dous partidos disputados na segunda xornada da Liga júnior feminina de Segunda División tralo aprazamento do encontro que media a CB Ribadeo e Estudiantes, que se

xogará o próximo oito de novembro.

O Ensino Lugo de Aigor Romo gañou con comodidade no Anexo a Terra Chá, un duelo que rematou con 64-32 no electrónico para contabilizar a primeira vitoria na competición das ensinistas, que a próxima fin de semana se medirán a María Teresa Martínez Dental nun novo derbi provincial.

As sarriás caeron ante o líder invicto, Baxi Ferrol, no Novo Chanto, nun encontro ante un rival moi duro e intenso que lles complicou moito as cousas dende o inicio. Pese a que en ataque as de Adrián López circulaban ben o balón, as baixas porcentaxes de acerto non permitían anotar con asiduidade



Carmen mira o aro ante a defensa dunha xogadora rival

e, en defensa, o balance defensivo tamén penalizou moito ao conxunto local, polo que ao descanso chegouse cun 17-52 que deixaba o encontro practicamente sentenciado. Ao final, 40-95 no electrónico para un CB Sarria que a próxima fin de semana

buscará o primeiro triunfo na competición ante Ensino.

O CB Ribadeo medirase a Baxi en Ferrol, mentres que Estudiantes volverá a competición para enfrontarse en Vilalba ao Terra Chá, que tamén busca sumar a primeira vitoria.



Lucia coa pelota entre dúas xogadoras chairegas



Nerea subindo unha acción de contraataque no Anexo



Adriana a piques de finalizar unha entrada a canastra



Xogadores sarriais felicitándose nun tempo morto



O sarriao Noel tras superar na presión a Sebas

# Sarria e Viveiro debutan con vitoria a domicilio

**CINCO EQUIPOS DA PROVINCIA COMPETIRÁN** nunha liga na que se xogarán dous partidos cada xornada, descansando sempre un deles



Yaguito a piques de rematar unha bandexa ante Ignacio



Eros protexendo o balón de costas ao ensinista Guille

Un único grupo con cinco equipos: Ensino, MGR CB Sarria, CB Ría de Ribadeo, Carferlo Viveiro e Hierros Ferreiro, competirán na Provincia nunha liga a dobre volta na que os catro primeiros se verán nunhas eliminatorias tamén a dobre partido -semifinais e finaltras- e o gañador das mesmas xogará a fase de ascenso.

A competición levantou o telón o domingo pola mañá, co encontro que mediu na Frigsa a Ensino Lugo e MGR Sarria, un axustado duelo que os visitantes se levaron por tan só dous puntos, 50-52.

No derbi mariño da xornada Carferlo Viveiro superou a Ría de Ribadeo, 59-67, tras unha primeira metade moi igualada, con

**JÚNIOR 2ª DIV. MASCULINO**  
**RESULTADOS**

Ensino Lugo - MGR Sarria	50-52
Ría Ribadeo - CB Viveiro	59-67

**CLASIFICACIONES**

Equipo	X	G	P	NP	PF	PL
CB VIVEIRO	1	1	0	0	67	59
MGR CB SARRIA	1	1	0	0	52	50
ENSINO LUGO	1	0	1	0	50	52
CB RÍA DE RIBADEO	1	0	1	0	59	67
HIERROS FERREIRO	0	0	0	0	0	0

**PRÓXIMA XORNADA**

Hierros Ferreiro - Ensino Lugo  
MGR Sarria - Ría Ribadeo

**5**

**EQUIPOS** da provincia compiten nunha liga a dobre volta na que os catro primeiros clasificados se enfrontarán nunhas eliminatorias das que sairá o conxunto que loitará polo ascenso a final de temporada

para poñerse con dez arriba no último cuarto. Os de Sebas aguantaron o arreo final dos ribadenses para levarse un triunfo que os converte no primeiro líder da competición.

A próxima fin de semana debutará o vixente campión, Hierros Ferreiro, contra Ensino Lugo; mentres que CB Sarria medirase no novo Chanto a CB Ría de Ribadeo. Viveiro afrontará a súa xornada de descanso.

alternativas ata o descanso. Tralo paso polos vestiarios a acumulación de faltas castigou a CB Ribadeo, o que permitiu a Viveiro aproveitar as vantaxes en ataque e, con acerto no tiro exterior, comezaron a decantar o marcador ao seu favor



# Rocódromo

**A CIDADE DE LUGO SITÚASE COMO REFERENTE DA ESCALADA** coa única instalación do Estado dotada para organizar competicións de formato olímpico

Lugo converteuse o pasado venres nun referente da escalada coa inauguración do rocódromo do Pazo de Feiras e Congressos, o único do Estado homologado para organizar probas olímpicas. Os 1.300 metros de muros escalables divídense en diferentes zonas, adecuadas para a práctica de distintas modalidades deportivas.

A instalación dispón dun muro de iniciación de 12 metros de ancho por 12,5 de altura que inclúe diedros, placas e formacións que simulan a escalada en roca; dun muro de bulder de 4,3 metros de ancho por 18 de alto; dun muro de dificultade, de 18 metros de ancho por 15 de alto que reproduce vías complicadas e permite desplomes de ata 12 metros; e dun muro de velocidade de 16,15 metros de altura que será o único do Estado que cumpra os requisitos do Comité Olímpico Internacional para a celebración de probas internacionais en formato olímpico. Ademais, o rocódromo conta cunha plataforma situada a 15 metros de altura válida para a práctica de especialidades como o rápel e a progresión con cordas fixas, habitual en disciplinas como a espeleoloxía.

A escalada, que conta con 5.500 licenzas federativas en Galicia e 110.000 no conxunto do Estado, estrearase en Tokio 2020 como deporte olímpico.

#### Instalacións versátiles

Máis aló de ser unha dotación de referencia para a escalada indoor a nivel internacional, o recinto destaca pola súa versatilidade, xa que tamén ofrece espazos adecuados para o uso de nenos e nenas que queiran iniciarse na escalada, aumentando a oferta deportiva que teñen á súa disposición na provincia, e mesmo sesións e cursos adaptados para persoas con mobilidade reducida ou capacidades diferentes. O recinto pode acoller ata un centenar de persoas á vez.

#### Xornada de inauguración

A inauguración do rocódromo, o pasado venres, reuniu a representantes da Deputación de Lugo, do Concello de Lugo e da Xunta de Galicia, as tres administracións que contribuíron ao financiamento das instalacións nas que se investiron 387.200 euros.

O deputado de Deportes, que representou no acto á entidade provincial, sinalou que "a apertura do rocódromo é unha xornada festiva para a cidade de Lugo, para a provincia, e para todos os afeccionados ao deporte, no que se demostra que cando hai tenacidade, confianza en nós e colaboración entre administracións podemos construír proxectos que son referencia en Galicia e no Estado. Estas instalacións son un exemplo", concluíu.

Durante a visita institucional, os representantes das administracións puideron seguir as demostracións de expertos, como o experimentado escalador e equipador de competicións deportivas Patxi Arocena, e as explicacións do representante de Climbing Planet, a empresa que realizou as obras.

Ademais, a xornada de presentación serviu para que o alumnado dos colexios lucenses Sagrado Corazón e María Auxiliadora probasen as instalacións. Nas vindeiras semanas, outros centros de Lugo pasarán polo recinto

